

I PREMIO XELA ARIAS

Discurso lido o
1 de decembro de 2018
na Culturgal
pola premiada:

MARÍA ALONSO SEISDEDOS

AGPTI

asociación galega de profesionais
da **tradución e da interpretación**

Pontevedra, 1 de decembro de 2018

Eu de vostedes sentaba, que non vou ser breve.

En todo isto que pretendo contar poida que haxa metade verdade, metade desvarío, que á falta de memoria real, ás veces, reinvéntaseme o pasado.

Corría o verán do 84 e eu regresaba —por motivos que prefiro non recordar— a Vigo despois de catro anos en Cataluña, cun dominio do catalán todo o perfecto (que é como dicir: sempre imperfecto) que se poida ter de calquera lingua.

Deixara nun instituto de Terrassa o CAP a medias. O día que me tocaba dar a primeira clase práctica (víctima dun ataque de pánico escénico e do convencemento de que non sirvo para ese labor tan digno, difícil e imprescindible, mais nunca dabondo recoñecido, que é o de profesor, entrei nunha cabina de teléfonos e chamei o meu titor para espetarlle, ao ritmo das moedas que caían, que non ía acudir á nosa cita... sen sequera salvalo da perplexidade).

Daquela chapurreaba o galego. Así que, logo me matriculei por libre (iso que agora chaman cursos non presenciais, pero sen internetes, a pelo e a golpe de biblioteca con arquivadores de fichas, milleiros de fichas en papel polas que navegar) nos dous cursos que necesitaba para obter a licenciatura en filoloxía galego-portuguesa.

Entre tanto, a velas vir como estaba, non me quedou outra que ir ao rego e dar clase. Desde aquí pido perdón ao alumnado que me aturou daquela. Un par de meses no Santa Irene de Vigo, a onde sempre acudía antes da hora para sentar nun recuncho da sala do profesorado e escoitar a Ferrín ou a Reixa; un contrato de tres anos nun colexio privado de Vigo, que se reduciu a nove días e dous accidentes de coche; dous meses sensacionalmente inesquecibles entre alumnos e compañeiros no instituto de Celanova.

Como quer que ás fins de semana fuxía para Goián, cos coñecementos que ía adquirindo librescamente, por unha banda, e inmersa, pola outra, nun ambiente estritamente galego-falante, coas orellas guichas en escoita permanente, aprendín, *dighoto iou*, a falar galego sen «ches», unha eiva da que non curo por máis que me emperre.

Ao cabo, rexeitando unha nova substitución no Carballiño, respondín ao anuncio no xornal dunha proba para tradutores de inglés e outras linguas ao galego. E alá fun eu, por fin, feliz, por fin segura de min mesma, por fin, sabendo que diso había saír airosa e sen estreses circulatorios, por moito que se tratase de traducir películas (que sempre preferín ler na sagrada soidade do dormitorio a ver a tele na profana e poboada sala de estar). Moncho Monteagudo era o encargado de escoller tradutores para un estudio de dobraxe, Imaxe Galega, que acababa de aterrar no país para fornecer a Galega, que daba os primeiros pasos. De todos os que superamos a proba, e que nun principio traballamos por conta propia (pioneiras do teletraballo cando iso nin nome tiña), contratáronos máis tarde a tres: Rosa Camiña, con quen manteño aínda unha fonda amizade, que nin sequera a súa teima en brindar con auga ou a miña afiliación pola forza a cafeinómanas anónimas desvirtuou; e Paco Bedoya, ao que un puto cancro levou moi, moi cedo de máis.

Esa aventura na granxa de dobraxe, con horarios flexibles, salario digno e un xefe encantador de serpentes, durou pouco: seis meses. A dobraxe en Galiza estaba en cueiros e xa se producira a primeira crise. Ao pouco tempo contratáronme no estudio dos mil nomes, tres meses na Coruña (onde nunca conseguín integrarme... mais xa me dirán como, se os «compañeiros» de choio ían bailar sevillanas tras a xeira e só falaban galego cando a luz vermella estaba acesa?) e outros tres en Compostela, onde compartín horas, tabique polo medio, e deshoras co inefable Paco Macías, agrocultivador de letras e sementes positivas. Ata que —por motivos que prefiro non recordar— instaleime, autónoma e descontratada, que non *freelance* nin moito menos independente, en Goián, terra de borrachos e artistas, que se di, talvez por iso, polo primeiro, pois a intoxicación mental pode adoptar, coma o demo, formas diversas e perversas.

E agora vou ao que vin facer aquí. Como queira que o traballo ía e viña, collín un día de non sei que ano o meu eterno libro de cabeceira, *Vint-i-set poemas en tres temps*, d'en Miquel Martí i Pol, e púxenme a traducilos, os vinte e sete e mais o limiar:

*O tempo pende de múltiples agullas.
A primeira é de ouro;
a segunda de prata;
a terceira de lata;
non sei as outras.
Detrás de cada porta
hai xente que axita axóuxeres
a rente mesmo do abismo tentador
das palabras.*

Con eles nunha carpeta azul celeste, entrei, tímida e trémula, en Edicións Xerais. Alí recibíume (como dirían en Goián) a defuntiña Xela Arias que non me deixa mentir, e falamos longo e seguido —eu encollida na cadeira, as dúas desazadas—: eran malos tempos para a lírica; peores, se cabe (sempre cabe, malia os abismos tentadores das palabras!) para a lírica traducida. Xusto antes de eu marchar, Xela Arias pedíume os poemas traducidos, que lle gustaban, dixo. Eu deillos, non natos, no envurullo da carpeta azul celeste, que ela deixou, con delicadeza, como se debe tratar a poesía, nun caixón á súa esquerda. Deseguida levanteime e nunca o verbo «levantarse» foi tan contraditorio, pois levaba a moral polo chan e a rastro.

Continuei, pois, traducindo audiovisuais, documentais, series e películas horrendérrimas na mor parte, que só vía por esixencias do guión, e revisando, corrixindo e, por veces, estilizando textos alleos. Intentei polo medio estudar Bioloxía, esa ambición de infancia e primeira adolescencia que persigo coma un tigre esfameado con ás de bolboreta. Pero nunha desas en que, máis unha vez, case deixo o corpo para maior gloria da ciencia, baixei da póla e minorei o ritmo e as aspiracións.

Anos máis tarde, un venres do mes de novembro de 2003, despois de traballar con febre durante toda a semana como boa autónoma, mandei ao estudio o capítulo 317 dunha serie de debuxos animados, entrei en Urxencias e saín ano e pico máis tarde curada dun linfoma por obra e graza da medicina, a sanidade

pública e os seus executores, desde os máxicos médicos ás riseiras sempre señoras da limpeza. E entón, era 2005, resulta que xa non me dedicaba, talvez, ao tráfico de drogas, senón ao de palabras: os meus veciños sabían por fin o que facía a María tantas horas na casa: era a tradutora de Shin-chan. Unha tradutora saía das sombras nas que tan ben a gusto se recluíra. (Da importancia de Shin-chan, porén, só fun consciente un día en que, cando ía entrar ao súper en Goián, ouvín un home que agardaba no coche, asomar a cabeza pola fiestra e dicirlle á muller, que saía da tenda cargada coma unha mula coa compra: «¡Apura, Maruxa, que vai empezar o Shin-chan!»).

Así, en 2008 Xoán Montero quixo contar coa miña presenza no primeiro e único, ata o de agora, Congreso de Dobraxa que se organizou na Universidade de Vigo, algo que sempre lle agradecerei, non tanto por min, que debín pasar moitas noites de insomnio e pesadelos, como cada vez que me toca falar en público, senón polo que supuña de recoñecemento ao labor dos tradutores audiovisuais, daquela desprezado e hoxe tan depauperado.

En fin, aprendín moito enredando cos audiovisuais, porque non é doado dar forma a uns diálogos cribles cando os «donos da lingua» a encerran nun corpiño estreito, abafante, sen deixar cabida ao dialectal, ao «vulgar», ao léxico non xeneralizado, coutando o amplo abano de recursos de que toda lingua dispón.

Por iso, cando en 2009, grazas a unha chamada que fixen á editorial Galaxia no momento preciso, xurdiu a oportunidade de traducir a primeira novela, fun quen de afrontar o reto con confianza, cunha confianza que se viu reforzada ao recibir por ela o premio da AELG (grazas mil e unha veces). Logo veu o *Ulises*, o *Maldito*, proxecto no que entrei, tamén desta, de pura carambola, e co *Ulises*, con todos os seus premios e reverencias, veu a crise de verdade, na que tantos quedaron polo camiño, e á que eu só sobrevivín grazas ao meu irmán Andrés e aos amigos.

Así, corto e cambio, e comezo cos agradecementos e a dedicatoria:

A Andrés e aos meus amigos, eles saben quen son, porque sen eles eu hoxe non estaría aquí, senón a alimentar galiñas, poida que incluso reencarnada en miñooca... ou en garavanzo, tantos foron os que comín.

Á miña nai, porque morreu antes de que a puidese compensar de todos os desgustos que lle dei e porque me transmitiu o amor polos idiomas e talvez por iso acabei sendo tradutora.

Ao meu pai, porque sempre me apoiou en todo, incluso cando lle dixen que me quería facer autónoma. Xa me dirán vostedes se iso non é amor incondicional.

Á Rosa Camiña, por esta longa e pedregosa corga que compartimos. E coa Rosa, á Raquel, á Manoli, á Sesé, á Olga, á Chusiña e ao David, pola vosa calor e porque non vai quedar outra que brindar e facer o pino ponte máis unha vez.

Como non, á Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación, a todas as súas directivas pasadas, presentes e futuras, polo esforzo continuo que fixeron, fan e farán por darnos voz e visibilidade (e por organizar cursos e merendas-conversa). Grazas por escollerdes o nome de Xela Arias para o premio e grazas por mo concederdes, cando eu ben honrada me sentía con ser quen o entregase.

E, xa ora, quérollelo dedicar aos neofalantes: que non permitan que os desanimen as críticas negativas e desconstructivas se colocan mal un pronome ou trocan os tes e os ches ou non abren e fechan como é debido as vogais, porque unha lingua só se aprende aguzando todo o posible o ouvido e falándoa, falándoa sempre, peor ou mellor, nin que sexa entre catro paredes, repetindo en voz alta diálogos ata que collan en boca. Esta fin de semana pasada, como para fechar o círculo entre Cataluña, Xela Arias e este premio, convidáronme a un seminario de tradutores de catalán en Barcelona. Sábado á noite, a modo de despedida da despedida, xuntámonos, como nun chiste da crise, un grego, un italiano, un catalán, un vasco, unha portuguesa e unha galega, e mentres comiamos coma PIGS unha hamburguesa vegana de orixe descoñecida, bebiamos cervexa loura inglesa, riamos sen fronteiras e esbardallabamos co catalán como lingua franca, pensei... (e nunca imaxinei que iría rematar esta homilía cun ripio...): unha lingua non é de quen a mama, senón de quen a ama. Así sexa. *Amen!*

Grazas infinitas.

María Alonso Seisdedos